


Aparente retranca

Crónica entre a terra e o ceo

 MARGA ROMERO

As pantasma sodes do que non hai de Amadeo Cobas é o primeiro libro de narrativa que temos deste autor, protagonizado por Gorecho Papa Gaio, un habitante expulsado do ceo, obrigado a volver á terra en forma de pantasma para acadar os méritos necesarios e gañar un posto fixo nas alturas, ou ben, facer o posíbel para aprobar a oposición de trasno”, “primeiro paso para ser diaño”. Vinte e un cadros pequeneiros e un epílogo dan estrutura a esta crónica entre a terra e o ceo na que entre viaxes astrais non sabemos moi ben o que se persegue. Preséntase como un libro de pantasma e a nosa memoria literaria evoca inmediatamente *A pantasma de Canterville* de Oscar Wilde na que se consegue parodiar os relatos de terror; máis recentemente Alfonso Álvarez Cásamo en *O bosque de Levas* (2002) conta con humor a historia de Marcelo de Salas Gutiérrez de la Cruz, un madrileño impresor axustizado no garrote vil en 1832 e que regresa en 1996 como espectro. As



pantasma sodes do que

non hai, aínda que se ennovellen nas andanzas dunha pantasma, non nos convence na súa caracterización; tampouco a de Xulio, outra pantasma coa que se atopa Papa Gaio na terra e que non desexa volver ao ceo “nin borracho”. A historia pode perseguir, tal e como fixo Otero Pedrayo en *O señorito da Reboirina*, satirizar a novela de aventuras, mais non é moi doado saber onde están as dificultades que o heroe (ou antiheroe) debe superar, nin realmente onde está a aventura e a súa finalidade.

Observamos a mestura

de elementos da literatura universal que van desde o outorgamento de tres desexos, como fan os xenios das lámpadas maravillosas até a aparición de seres míticos como o unicornio, a serea, un vampiro que é vexetariano ou as bruxas, coas lendas de tradición galega en San Andrés de Teixido, no castelo de Vimianzo ou nas ruínas de Caaveiro. Non nos convence a historia, aínda que alguén poida valorar o humor que bebe en exceso do chiste fácil e dunha aparente retranca que se busca detrás de cantigas ou ditos populares. Non se xustifícan as alusións ás mulleres, en concreto “das de pago” ou “as corentonas sospeitoas: sempre viviron xuntas, nunca se lles coñeceu mozo a ningunha delas”, nin a descrición física da acompañante do “heroe” que el converte en Señorita Rottemeier, da que no remate se namora, “operou a miopía, rizou o pelo e resultou ser unha beleza ...”. Sempre se pode utilizar a literatura como divertimento e escribir como a un lle peta.

COBAS, Amadeo, As pantasma sodes do que non hai, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2008, 115 páxinas.